



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DA LARACHA CELEBRADA O DÍA 26 DE MARZO DE 2021. (EXPEDIENTE 2021/G010/000002)

No salón da casa da Cultura do Concello da Laracha, sendo as 13:30 horas do día sinalado, reuníronse previa convocatoria, en legal forma practicada, os Señores Concelleiros que se relacionan, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Manuel López Varela, e asistidos por min, o Secretario D. Miguel Piñeiro Souto e o interventor municipal Eduardo Mera Rico, ao obxecto de celebrar sesión ordinaria e pública, en primeira convocatoria. En cumprimento do disposto no artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/86 do 28 de novembro, concorren debidamente convocados:

Señores Asistentes:

Presidente.- D. José Manuel López Varela (PP)

Concelleiros:

D. José Ramón Martínez Barbeito (PP)
Dna. Patricia Bello Canedo (PP)
Dna. Rocío López Rey (PP)
D. Jesús Souto Pena (PP)
D. Ramiro Bello Recouso (PP)
D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP)
Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP)
Dna. Adelina Liste Monelos. (PP)
D. Pablo Cambón Bértoa(PP)
Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE)
Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE)
Dna. María Pilar Neira Martínez.(PSOE)
D. José Martínez Ageitos. (PSOE)
D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG)
Dna. Carolina Castiñeiras Brandón(BNG)

Non asiste: Dna. Begoña Domínguez Patiño. (PP).

Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración da sesión nos termos esixidos no artigo 90 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta a sesión na Casa da Cultura, para gardar as debidas distancias de seguridade..

Comézase a sesión gardando un minuto de silencio Gardase un minuto de silencio polas 8 mulleres mortas no 2021 vítimas da violencia de xénero, e outro polas vítimas da COVID-19.

Previo ao estudio dos puntos da Orde do Día dáse lectura á seguinte Declaración Institucional:



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Previamente ao estudio dos asuntos incluídos na orde do día o Sr Alcalde da lectura a seguinte declaración institucional suscrito polos tres grupos municipais con representación:

“DECLARACIÓN INSTITUCIONAL SOBRE A RETIRADA DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO EUROPEO DE PESCA

O Parlamento Europeo aprobou no pasado mes de febreiro a modificación do Regulamento de Control da Unión Europea (CE) 1224/2009 con respecto á frota artesanal. Isto supón o establecemento dun réxime comunitario de control para garantir o cumprimento das normas da Política Pesqueira Común (PPC) que causarán graves prexuízos para os intereses da frota de pesca artesanal galega dado que:

1.- Non se modificou a definición de pesca artesanal, tal e como fora solicitado desde o propio sector, e continúa describindo como pesca costeira artesanal a desenvolvida por buques inferiores a doce metros de eslora e con determinadas artes de pesca. Por tanto, toda a pesca realizada por buques de eslora maior ou con artes non contempladas como artesanais pola UE, entrarían dentro da denominación de industrial. Iso supón importantes prexuízos para este segmento de frota, como por exemplo non poder acceder ás axudas dos GALP con fondos FEMP.

Neste sentido, non se estimaron os argumentos das organizacións representativas do sector para definir a pesca artesanal desde unha perspectiva multiparamétrica que establecería para o recoñecemento da frota que se dedica a esa modalidade a necesidade do cumprimento de, polo menos, tres dos seguintes criterios:

- Eslora das embarcacións inferior a doce metros.*
- Distancia do caladoiro: faenar dentro de augas nacionais.*
- 24 horas de duración máxima das mareas.*
- Utilización de artes de pesca sostibles.*
- Máximo de catro tripulantes enrolados e a bordo.*

2.- O regulamento actualmente vixente establece que unicamente os buques menores de dez metros de eslora están eximidos de levar un diario de pesca electrónico (DEA) a bordo. Coa modificación aprobada, todos os buques de máis de catro metros deberán notificar desde o barco as súas capturas. A normativa non terá en conta a forma de traballo agrupada que normalmente desenvolven as embarcacións de artes menores que operan en Galicia, principalmente as de marisqueo ou de recursos específicos, nin tampouco as especiais condicións climatolóxicas que predominan na costa galega.

3.- A nova normativa incide na implantación de cámaras “voluntarias” a bordo dos buques de máis de doce metros de eslora, salvo para infractores, e entendéndose que dita “voluntariedade” será “premiada” con maior cota nas posibilidades de pesca. Este aspecto é considerado innecesario para a frota de artes menores tendo en conta o escaso número de especies sometidas a TAC’s e cotas e capturadas pola frota artesanal galega, e tamén ao insignificante reparto de especies por buque.

En base a estas cuestións, a Confraría de Pescadores de Caión trasladou ao Concello da Laracha que a modificación do Regulamento de Control da Pesca en augas da UE é totalmente inaxeitada e inxusta para a frota galega de pesca artesanal, polo que o Pleno :



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

1. *Esixir a retirada da proposta de modificación do Regulamento de Control da Pesca (CE) Nº. 1224/2009 do Consello e aprobada por maioría dos eurodiputados do Parlamento Europeo, en canto vai en prexuízo dos intereses da frota de pesca artesanal e do marisqueo de Galicia, e ante a imposibilidade do seu cumprimento.*
2. *Esixir unha definición europea clara e real do concepto de pesca artesanal baseada nunha definición multicriterio.*
3. *Requirir un tratamento distinto e diferenciado da frota de pesca costeira artesanal respecto ás frotas industriais e/ou semiindustriais, recomendándose para iso ás autoridades comunitarias un coñecemento real das características estruturais dos buques de artes menores, das zonas de pesca de desenvolvemento da actividade e da selectividade das artes e aparellos de pesca empregados.*

Asinado por:

Grupo Municipal do Partido Popular (PP).

Grupo Municipal do Partido dos Socialistas de Galicia (PSdeG-PSOE).

Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG).”

Seguidamente pásase o estudo dos asuntos incluídos na orde do día:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS ANTERIORES SESIÓNS DO PLENO DO 23 DE DECEMBRO DE 2020 E DE 29 DE XANEIRO DE 2021

Recibido polos membros do Pleno da Corporación o borrador das actas correspondentes ás sesións plenarias celebradas, con carácter extraordinario, o día 23 de decembro de 2020 e ordinario do 29 de xaneiro de 2021, nos termos esixidos polo artigo 80.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

Sen haber intervencións é sometido o borrador da acta a votación, este resulta aprobado por **unanimidade dos dezaseis (16) membros presentes**, D. José Manuel López Varela (PP), D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dna. Patricia Bello Canedo (PP), Dna. Rocío López Rey (PP), D. Jesús Souto Pena (PP), D. Ramiro Bello Recouso (PP), D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP), Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP), Dna. Adelina Liste Monelos. (PP), D. Pablo Cambón Bértoa (PP), Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE), Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE), Dna. María Pilar Neira Martínez.(PSOE), D. José Martínez Ageitos. (PSOE) D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG) e Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG) o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar o borrador das actas das sesións plenarias seguintes:

- Extradinaria do 23 de decembro de 2020
- Ordinaria do 29 de xaneiro de 2021.
-

SEGUNDO. Ordear a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

2.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Dáse conta das seguintes Resolucións de Alcaldía que estiveron a disposición dos Sres concelleiros para o seu coñecemento e toma de razón, conforme ao establecido na Lei 7/1985 de 2 de abril e no Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro:

- Resolucións da Alcaldía dende o número 948/2020 ata a número 295/2021 (ámbalas dúas inclusive) ditadas dende o 24/11/2020 ata o 23/03/2021.

3.- DAR CONTA DA APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO 2020

Dase conta da Resolución de alcaldía de aprobación da Liquidación do Orzamento do 2020, nº 286/2021 de 22 de marzo de 2021, dando lectura o sr. Alcalde do seguinte:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-

ASUNTO: LIQUIDACIÓN ORZAMENTARIA EJERCICIO 2020

EXPEDIENTE: 2021/G003/000300

Examinado o expediente de liquidación do Orzamento do exercicio económico de 2020, visto o Informe de Intervención acerca de dito expediente, vistos os artigos 191 a 193 do Real Decreto Legislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, en relación cos artigos 89 a 105 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, que desenvolve a devandita Lei en materia orzamentaria,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a liquidación do Orzamento municipal correspondente ó exercicio económico de 2020, co seguinte resultado orzamentario:

1.-Dereitos recoñecidos netos (1.a + 1.b + 1.c).....	10.037.372,67 €
1.a.- Operacións non financeiras (1.a.1 + 1.a.2).....	9.740.434,89 €
1.a.1.- Operacións correntes (Cap. 1 a 5).....	8.547.915,19 €
1.a.2.- Resto de operacións non financeiras (Cap. 6 e 7).....	1.192.519,70 €
1.b.- Activos financeiros	0,00 €
1.c.- Pasivos financeiros	296.937,78 €
2.-Obrigas recoñecidas netas (2.a + 2.b + 2.c).....	11.711.754,08 €
2.a.- Operacións non financeiras (2.a.1 + 2.a.2).....	11.711.754,08 €
2.a.1.- Operacións correntes (Cap. 1 a 5).....	8.039.238,55 €
2.a.2.- Resto de operacións non financeiras (Cap. 6 e 7).....	3.672.515,53 €
2.b.- Activos financeiros	0,00 €
2.c.- Pasivos financeiros	0,00 €
3.-Resultado orzamentario(1-2).....	-1.674.381,41 €
4.- Axustes:	
4.a.- Obrigas recoñecidas financiadas con remanente para gastos xerais....	359.063,60 €
4.b.- Desviacións de financiamento negativas do exercicio	1.859.544,35 €
4.c.- Desviacións de financiamento positivas do exercicio	1.012.228,74 €
8.- RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (3 + 4.a + 4.b - 4.c).....	- 468.002,20 €

SEGUNDO.- Aprobar o seguinte estado de Remanente de Tesourería:

Debedores pendentes de cobro en fin de exercicio:.....	227.432,28 €
De orzamento de ingresos, orzamento corrente: 10.102,91 €	
De orzamento de ingresos, orzamentos pechados: 18.611,92 €	
Doutras operacións non orzamentarias: 198.717,45 €	



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Menos = Ingresos pendentes de aplicación definitiva:	5.348,96 €
Acredores pendentes de pago en fin de exercicio:	389.344,72 €
De orzamento de gastos, orzamento corrente:	43.745,00 €
De orzamento de gastos, orzamentos pechados:	200,00 €
De outras operacións non orzamentarias:	345.399,72 €
Menos = Pagos pendentes de aplicación definitiva:	22.478,94 €
Fondos líquidos na tesourería a fin de exercicio:	1.934.023,90 €
REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL:	1.789.241,44 €
Saldos de dubidoso cobro	0,00 €
Exceso de financiamento afectado:	89.754,92 €
REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS:	1.699.486,52 €

TERCEIRO.- Dar conta ó Pleno da presente Resolución na primeira sesión que se celebre.

CUARTO.- Remitir copia da Liquidación do Orzamento de 2020 á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.”

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO MUNICIPAL DE VENDA AMBULANTE E PRODUCTOS DO CAMPO DO CONCELLO DA LARACHA

Dase lectura do dictaminado pola Comisión de Asuntos Xerais do Pleno en sesión do 23 de marzo de 2021:

“Visto o informe de Secretaría sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir para a aprobación da modificación do **Regulamento municipal de venda ambulante e produtos do campo do Concello da Laracha**.

Tendo en conta o Informe do técnico de administración Xeral coa proposta de modificación.

E a consulta previa de conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas.

Realizada a tramitación legalmente establecida e vista a competencia do Pleno, en virtude dos artigos 22.2.d) e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, propónse ao mesmo a adopción do seguinte ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación do **Regulamento municipal de venda ambulante e produtos do campo do Concello da Laracha** nos termos que obran no expediente.

SEGUNDO. Someter dita modificación da Ordenanza municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello



De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

TERCEIRO. Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.”

Toma a palabra o Sr Alcalde indicando que hai vaias enmendas presentadas polo PSOE.

As cales son as seguintes:

“Emenda número 1.

Débese modificar no CAPÍTULO I, nos artigos 1 e 2 o seguinte contido.

Onde di: “...e o Decreto 194/2001, do 16 de xullo, de ordenación da venda ambulante...”, debe dicir: “...e o Decreto 194/2001, do 26 de xullo, de ordenación da venda ambulante...”.

Emenda número 2.

Débese modificar no punto 1 do artigo 7 o seguinte contido.

Onde di: “...actividade da venda ambulante nos espazos públicos...”, debe dicir: “...actividade da venda ambulante ou non sedentaria nos espazos públicos...”.

Emenda número 3.

Débese modificar na alínea b) do punto 2 do artigo 7 o seguinte contido.

Onde di: “...e pequenos industriais ou artesáns.”, debe dicir: “...e pequenos industriais, comerciantes ou artesáns.”

Emenda número 4.

Débese modificar o punto 3 do artigo 7, que quedará redactado co seguinte contido.

“7. Publicidade. *A persoa vendedora deberá ter exposta ao público e ás autoridades ou persoal que realicen actuacións inspectoras, en forma facilmente visible, a tarxeta ou documento acreditativo á que fai referencia o artigo 10.”*

Emenda número 5.

Débese modificar no segundo parágrafo do punto 3 do artigo 7 o seguinte contido.

Onde di: “...exercicio da venda ambulante no que constarán...”, debe dicir: “...exercicio da venda ambulante ou sedentaria no que constarán...”.

Emenda número 6.



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Débese modificar no punto 4 do artigo 7 o seguinte contido.

Onde di: “...unha autorización por cada posto...”, debe dicir: “unha autorización municipal por cada posto...”.

Emenda número 7.

Débese modificar o punto 5 do artigo 7, que quedará redactado co seguinte contido.

“5.- A autorización municipal é persoal e habilitará para o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria á persoa titular. Non obstante e conforme ao que nela se determine, a autorización habilitará ademais de ao seu titular ao seu cónxuxe ou parella de feito, aos seus ascendentes ou descendentes directos maiores de 16 anos e ás persoas vinculadas a el mediante contrato laboral ata un máximo de dúas persoas autorizadas por contrato laboral, debendo en todo caso ter informado ao Concello da Laracha.”

A persoa habilitada, así entendida, poderá exercer a venda como tal en substitución da persoa titular e no mesmo posto autorizado, resultando obrigadas ambas a cumprir todas as condicións, requisitos e normas aplicables á autorización de venda.”

Emenda número 8.

Débese modificar no punto 6 do artigo 7 o seguinte contido.

Onde di: “A autorización da dereito a un só posto...”, debe dicir: “A autorización municipal dá dereito a un só posto...”.

Emenda número 9.

Débese engadir ao final do punto 7 do artigo 7 o seguinte contido. Engadir:

“...ou na persoa en que este delegue.”

Emenda número 10.

Débese modificar no terceiro parágrafo do punto 8 do artigo 7 o seguinte contido.

Onde di: “...do/a cónxuxe, descendentes ou ascendentes...”, debe dicir: “...do/a cónxuxe ou parella de feito, os seus descendentes ou ascendentes...”.

Emenda número 11.

Débese modificar no cuarto parágrafo do punto 8 do artigo 7 o seguinte contido.

Onde di: “...exercicio da venda ambulante ao cónxuxe, ascendentes ou descendentes...”, debe dicir: “...exercicio da venda ambulante ou non sedentaria ao cónxuxe ou parella de feito, aos seus ascendentes ou descendentes...”.



Emenda número 12.

Débase modificar no cuarto parágrafo do punto 8 do artigo 7 o seguinte contido.

Onde di: “...non supere o prazo de doce meses.”, debe dicir: “...non supere o prazo máximo de incapacidade da Seguridade Social.”

Emenda número 13.

Débase modificar no último parágrafo do punto 8 do artigo 7 o seguinte contido.

Onde di: “...notificarlle, no seu caso, aos órganos...”, debe dicir: “...notificarlle, se é o caso, aos órganos...”.

Emenda número 14.

Debese engadir ao final do punto 9 do artigo 7 o seguinte contido.

Engadir: “..., comunicándollelo ás persoas interesadas con suficiente antelación.”

Emenda número 15.

Débase modificar o punto 10 do artigo 7, que quedará redactado co seguinte contido.

“10.- O Concello poderá revogar unilateralmente a autorización no caso de incumprimento dos requisitos esixidos no Regulamento ou por razóns de interese público debidamente xustificadas, sen xerar neste caso dereito algún de indemnización ou compensación algunha.”

Emenda número 16.

Débase modificar no punto 1 do artigo 8 o seguinte contido.

Emenda número 17.

Débase modificar o título do artigo 9 que quedará redactado co seguinte contido. “Artigo 9. Solicitude e documentación a presentar.”

Emenda número 18.

Débase modificar o primeiro parágrafo do punto 1 do artigo 9, que quedará redactado co seguinte contido.

“1. As solicitudes de venda ambulante ou non sedentaria formularanse pola persoa interesada ou representante debidamente autorizado conforme ao modelo que consta como anexo I, e que deberá contar como mínimo os seguintes datos:”

Emenda número 19.



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Débese modificar ao final da alínea a) do punto 1 do artigo 9 o seguinte contido.

Onde di: “...se formule por representante autorizado.”, debe dicir: “...se formule por representante debidamente autorizado.”

Emenda número 20.

Débese engadir unha nova alínea no punto 1 do artigo 9, que quedará redactado co seguinte contido.

“f) Modalidade de venda ambulante.”

Emenda número 21.

Débese engadir ao final da alínea e) do punto 2 do artigo 9 o seguinte contido.

“...e estar ao corrente do seu pagamento ou, no seu caso, no censo de obrigados tributos.”

Emenda número 22.

Débese modificar na alínea f) do punto 2 do artigo 9 o seguinte contido.

Onde di: “...actividade de venda ambulante e recibo de pago...”, debe dicir: “...actividade de venda ambulante ou non sedentaria e recibo de pago...”

Emenda número 23.

Débese engadir un parágrafo despois da alínea g) do punto 2 do artigo 9, que quedará redacto co seguinte contido.

“A documentación referida nos apartados a), b), c), d) e e) poderá substituírse pola autorización ao Concello para verificar tales datos.”

Emenda número 24.

Débese engadir unha nova alínea no punto 2 do artigo 9, que quedará redactado co seguinte contido.

“h) Declaración xurada na que a persoa solicitante manifesta coñecer as normas ás que debe axustarse a súa actividade e ao seu compromiso de cumprilas, ademais de non estar incurso en ningún dos casos de incompatibilidade establecidos pola lexislación vixente para o exercicio de venda ambulante ou non sedentaria.”

Emenda número 25.

Débese modificar o primeiro parágrafo do artigo 10 que quedará redactado co seguinte contido.



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

“O Concello da Laracha expedirá ás persoas titulares as autorizacións en tarxeta acreditativa ou no documento normalizado no que se farán constar os seguintes datos:”

Emenda número 26.

Débase engadir un novo apartado no artigo 10 que quedará redactado co seguinte contido.

“- Nome completo e número DNI da persoa suplente, no seu caso.”

Emenda número 27.

Débase modificar a alínea g) do punto 1 do artigo 13, que quedará redactado co seguinte contido.

“g) Cometer algunha das infraccións recollidas neste Regulamento tipificadas como infracción moi grave, ou reincidir nunha infracción grave, entendendo por reincidencia a comisión da mesma infracción dúas veces no prazo de un ano, cando así sexa declarado por resolución firme.”

Emenda número 28.

Débase suprimir na alínea h) do punto 1 do artigo 13 o seguinte contido.

“h) Falecemento ou renuncia expresa e escrita do titular, salvo autorización de cambio de titularidade nos termos que indica o artigo 7.8 do Regulamento.”

Emenda número 29.

No caso de non aceptar a emenda anterior, redáctase unha nova alínea no punto 1 do artigo 13, que quedará redactado co seguinte contido.

“h) Falecemento ou renuncia expresa e escrita do titular, salvo autorización de cambio de titularidade a favor do cónxuxe ou parella de feito, ou descendente ou ascendente nos termos que indica o artigo 7.8 do Regulamento.”

Emenda número 30.

Débase engadir unha nova alínea no punto 1 do artigo 13, que quedará redactado co seguinte contido.

“i) No caso das autorizacións renovables, non solicitar a renovación no prazo establecido para o efecto.”

Emenda número 31.

Débase modificar o punto 2 do artigo 13, que quedará redactado co seguinte contido.



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

“2. Os expedientes de extinción poderán iniciarse de oficio ou a instancia de parte, correspondendo a súa resolución á Alcaldía, concelleiro/a ou órgano municipal en quen delegue, agás nos supostos de extinción polo transcurso do prazo, que operará automaticamente. Todo expediente de extinción será sometido a trámite de audiencia.”

Emenda número 32.

Débase modificar no punto 5 do artigo 15 o seguinte contido.

Onde di: “...a falta de presenza dos seus titulares.”, debe dicir: “...a falta de presenza das súas persoas titulares.”

Onde di: “...a selección entre os posibles candidatos haberá de garantir...”, debe dicir: “...a selección entre as posibles persoas candidatas haberá de garantir...”.

O Sr Alcalde dá conta, unha a unha das estimacións e desestimacións ou estimacións parciais das enmendas presentadas polo PSOE, e da proposta de modificación do Artigo 17. Así mesmo indica que se pretende que siga sendo unha das mellores feiras da comarca e da provincia. Non se cobrará á xente polos excedentes agrícolas. Non hai ánimo recaudatorio (dá conta das taxas previstas na OOFF)

Dna. Palomi Rodríguez Castiñeira (PSOE) pide explicación á desestimación da enmenda nº 1

O alcalde lee o motivo da desestimación da enmenda nº1 *“No texto consolidado do regulamento que se pretende aprobar, suprímense as referencias ao Decreto 194/2001, xa que está derogado, polo que é indiferente a súa data de aprobación.”*

Agora hai desidia. Non se pode permitir que por un precio ridículo de ocupación de dominio público deixe a basura en Paiosaco, non o debemos permitir porque o posto o atopa limpio.

Sometido a votación o asunto este resulta aprobado por **unanimidade dos dezaseis (16) membros presentes**, D. José Manuel López Varela (PP), D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dna. Patricia Bello Canedo (PP), Dna. Rocío López Rey (PP), D. Jesús Souto Pena (PP), D. Ramiro Bello Recouso (PP), D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP), Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP), Dna. Adelina Liste Monelos. (PP), D. Pablo Cambón Bértoa (PP), Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE), Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE), Dna. María Pilar Neira Martínez. (PSOE), D. José Martínez Ageitos. (PSOE) D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG) e Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG).

Procedese a votación da enmenda.....

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DECLARACIÓN DE COSTA DA MORTE COMO RESERVA LOCAL DE SURF

Dase lectura do dictaminado pola Comisión de Asuntos Xerais do Pleno en sesión do 23 de marzo de 2021:

“A declaración da Reserva Local de Surf materialízase no presente documento, que recoñece que,



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

para que os concellos poidan conformarse como Reserva Local de Surf de Costa da Morte (RLS) as ondas serán un valor a protexer, e unha ferramenta para acadar o desenvolvemento económico sostible arredor do surf. Proponse a adopción do seguinte acordo:

- 1. Manifestar o seu COMPROMISO por velar pola identidade ecolóxica e natural de carácter medioambiental do territorio, a través da protección das ondas e os ecosistemas das praias.*
- 2. RECOÑECEMENTO do valor das rompentes de surf, e o seu compromiso por velar de forma activa pola súa protección.*

O concello comprométese a observar, valorar e avaliar calquera actuación que se desenvolva e que poda afectar ás ondas e rompentes de surf do seu espazo litoral, co fin de ver a posible afectación ás mesmas de calquera actuación que se leve a cabo.

3. A utilización do surf como FERRAMENTA para acadar o desenvolvemento sostible dos concellos de costa que conforman Costa da Morte nos seguintes parámetros:

- Medioambiental: co compromiso local de protección, conservación das ondas e os ecosistemas.*
- Socio-cultural: valorizando e ampliando a cultura do surf no territorio.*
- Económica: desenvolvendo o surf como fonte de xeración de emprego e de crecemento económico sostíbel.*

4. Dar conta do seguinte acordó a Turismo da Deputacion da Coruña.”

D. Xoan Manoel Sande Múñiz sinala que van a votar a favor, xa que, é un gran impulso para o Concello apoiado pola Deputación.

Dna. Palomi Rodríguez Castiñeira indica tamen que é un gran impulso para o Concello e que van a contar co seu apoio.

O sr. Alcalde toma a palabra decindo que a nosa praia conta cunha das mellores ondas de todo o Estado. Déronse pasos pero o conseguir una Praia de Costa Rica, é precisa a declaración por varios motivos: protección ambiental, económico, etc. Hai propostas de realizar fases do campeonato do Mundo en Caión entre outras. É importante independentemente dos momentos actuais co Covid e a paralización.

Sometido a votación o asunto este resulta aprobado por **unanimidade dos dezaseis (16) membros presentes**, D. José Manuel López Varela (PP), D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dna. Patricia Bello Canedo (PP), Dna. Rocío López Rey (PP), D. Jesús Souto Pena (PP), D. Ramiro Bello Recouso (PP), D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP), Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP), Dna. Adelina Liste Monelos. (PP), D. Pablo Cambón Bértoa (PP), Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE), Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE), Dna. María Pilar Neira Martínez. (PSOE), D. José Martínez Ageitos. (PSOE) D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG) e Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG).

6.- SOLICITUDE, SE PROCEDE, Á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN DO CAMBIO DE USO DA ESCOLA UNITARIA DA AREOSA (VILAÑO)



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Dase lectura do dictaminado pola Comisión de Asuntos Xerais do Pleno en sesión do 23 de marzo de 2021:

“Sendo necesario por este Concello, propietario do edificio escolar con cualificación xurídica de ben de dominio público, sito en :

- *Areosa-Vilaño*

, desta localidade, proceder a cambiar o uso do mesmo, ao deixar de cumprir a finalidade pública á que estaba destinado.

O expresado edificio escolar atópase nun dos supostos seguintes previstos no Real Decreto 605/1987, de 10 de abril, por el que se regula el procedimiento de autorización previa a la desafectación de edificios públicos escolares de propiedad municipal.

— Cando o inmovible deixe de ser necesario, en todo ou en parte, para o desenvolvemento do servizo público do ensino.

— Cando, previa peritación técnica, as condicións ou características físicas do inmovible, ou da parte cuxa desafectación se propón, non resulten axeitadas á finalidade educativa.

— Cando concorra calquera outra circunstancia da que se deduza a conveniencia ou necesidade de desafectarlo, previa xustificación razoada no expediente].

Visto que pola súa situación considerase que devandito edificio sería un emprazamento axeitado para desenvolver actuacións socio culturais e convertilo nun centro social.

Tendo en conta que “os expedientes de autorización seran tramitados e resoltos polas direccións provinciais do ministerio de educación e ciencia a solicitude dos concellos que estiveren a tramitar o procedemento de desafectación conforme o disposto no artigo 8 do real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das entidades locais, ou que se propoñan destinar tales edificios a usos ou servizos públicos de carácter local”.

Tras o Real Decreto 1763/1982, de 24 de julio, sobre traspaso de funciones y servicios de la Administración del Estado a la Comunidad Autónoma de Galicia en materia de educación foi transferida esa competencia á Xunta de Galicia.

Visto o informe da apearlladora municipal de 16 de marzo do 2021

Por todo o anteriormente exposto PROPOÑO ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

ÚNICO.- Solicitar á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN o cambio de uso dos edificios escolares seguinte, ao deixar de cumprir a finalidade pública á que estaba destinado:

- *Areosa-Vilaño*

A motivación ven dada pola súa situación, considerando que devandito edificio sería un emprazamento axeitado para desenvolver actuacións socio culturais e convertilo nun centro social.”



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

O sr. Alcalde indica que queríamos traer alguna escola mais pero iremos traendo pouco a pouco. É importante é que queda libre para o Concello e pode realizar outro tipo de actividades.

Sometido a votación o asunto este resulta aprobado por **unanimidade dos dezaseis (16) membros presentes**, D. José Manuel López Varela (PP), D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dna. Patricia Bello Canedo (PP), Dna. Rocío López Rey (PP), D. Jesús Souto Pena (PP), D. Ramiro Bello Recouso (PP), D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP), Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP), Dna. Adelina Liste Monelos. (PP), D. Pablo Cambón Bértoa (PP), Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE), Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE), Dna. María Pilar Neira Martínez. (PSOE), D. José Martínez Ageitos. (PSOE) D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG) e Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG).

7.- MOCIÓNS, ROGOS E PREGUNTAS.

7.a] MOCION DO BNG SECTOR BANCARIO

D. Xoan Manoel Sande Muñiz, portavoz do Grupo Municipal do BNG, dá lectura a moción presentada, pola cal se propón o seguinte:

Por todos estes motivos, desde o Grupo Municipal do BNG propómos ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

1.- *Instar ao goberno central a desenvolver as mudanzas oportunas no ámbito da regulación do sector bancario para poñer freo ás consecuencias do aumento da concentración bancaria, do incumprimento das normas de competencia e do agravamento da exclusión financeira, concretamente para dar resposta á escalada de abusos bancarios en materia de restricción de servizos, pacto de horarios para limitar os servizos de caixa, incremento de comisións e reducións drásticas de oficinas e persoal.*

2. *Instar á Xunta de Galiza a desenvolver as súas competencias exclusivas en materia de consumo impulsando, ao abeiro do Instituto Galego de Consumo campañas colectivas de reclamacións bancarias, información ás persoas consumidoras e estudos propios sobre a vulneración dos seus dereitos.*

3. *Expresar o apoio da Corporación Municipal ás xustas reivindicacións das traballadoras e traballadores da banca en defensa dos postos de traballo e do mantemento dos servizos financeiros básicos no territorio galego e dirixirse ás entidades bancarias do concello para demandar o mantemento dos servizos.*

Sometida a urxencia da inclusión do asunto na orde do día resulta aprobada **por unanimidade dos dezaseis (16) membros presentes**, D. José Manuel López Varela (PP), D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dna. Patricia Bello Canedo (PP), Dna. Rocío López Rey (PP), D. Jesús Souto Pena (PP), D. Ramiro Bello Recouso (PP), D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP), Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP), Dna. Adelina Liste Monelos. (PP), D. Pablo Cambón Bértoa (PP), Dna. María Palomi



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Rodríguez Castiñeiras.(PSOE), Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE), Dna. María Pilar Neira Martínez.(PSOE), D. José Martínez Ageitos. (PSOE) D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG) e Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG).

O PSOE presenta unha enmenda de adición á cal dá lectura Dna. Palomi Rodriguez Castiñeira:

Emenda de adición

Débense engadir os seguintes puntos á parte resolutiva da moción que quedarán redactados co seguinte contido:

“4. Instar a Xunta de Galicia que por parte do Instituto Galego de Consumo e Competencia:

a) Se inicie de oficio expediente de reclamación colectiva diante da entidade de Abanca S.A., para que proceda de xeito inmediato a retrocesión das comisións de xestión e mantemento, por importe de 50 euros semestrais, cobradas e aplicadas con carácter xeral a partir de xuño de 2020.

b) Se inste diante de Abanca S.A., as accións de cesación inmediata na aplicación de comisións indicadas no parágrafo anterior.

c) Se proceda a efectuar un control de oficio sobre a existencia de cláusulas abusivas nos contratos bancarios, nomeadamente nos contratos de conta corrente/de aforro e contratos de depósito, remitindo ao Parlamento de Galicia un informe sobre a presunta inserción contractual de cláusulas abusivas, nun prazo de dous meses.

5. Instar a Xunta de Galicia a:

a) Elaborar un mapa sobre exclusión financeira dos concellos de Galicia.

b) Adoptar medidas necesarias para evitar a exclusión financeira dos colectivos sociais máis vulnerables, en especial ás persoas maiores.”

Así mesmo, o Partido Popular tamén presenta unha enmenda, neste caso á totalidade da moción do BNG, da cal dá lectura o seu portavoz, José Ramón Martínez Barbeito. Matiza que apoia o argumentario pero non a parte dispositiva:

- 1. “O Concello da Laracha insta ó Goberno central á posta en marcha dun plan contra a exclusión financeira no ámbito rural, así como a adopción das medidas recollidas no acordo plenario do Senado aprobado no pleno do pasado 9 de setembro de 2020.*
- 2. O Concello da Laracha insta á Xunta de Galicia a que siga desenvolvendo as súas competencias en materia de protección e defensa dos dereitos das persoas consumidoras, incluídos os usuarios de banca.*
- 3. O Concello da Laracha expresa o seu apoio ás xustas reivindicacións dos traballadores da banca en defensa dos seus postos do traballo e dos servizos financeiros básicos”*

O sr. Alcalde indica que o seu partido apoia o argumentado pero non a parte dispositiva.

Procédese a votación da enmenda do PP, a cal é **aprobada por maioría dos membros presentes**, con once (11) votos a favor de D. José Manuel López Varela (PP), D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dna. Patricia Bello Canedo (PP), Dna. Rocío López Rey (PP), D. Jesús Souto Pena (PP), D. Ramiro Bello Recouso (PP), D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP), Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP), Dna. Adelina Liste Monelos. (PP), D. Pablo Cambón Bértoa (PP), e cinco (5) en contra



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

de Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE), Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE), Dna. María Pilar Neira Martínez.(PSOE), D. José Martínez Ageitos. (PSOE) D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG) e Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG).

7.b] MOCION DO PSOE: APARCAMENTOS PÚBLICOS

Dna. Palomi Rodriguez Castiñeira dá lectura a moción presentada na cal se solicita que:

“Instar ao Goberno municipal a que se aprrobe un plan de dispoñibilidade de fincas para ampliación de aparcamentos públicos urbanos gratuítos que fundamente o seu contido nos seguintes apartados:

- 1. Realización de campañas públicas para que as persoas propietarias dean a coñecer a dispoñibilidade de fincas particulares que estes propietarios/as teñan vontade e estean en condicións de cedelas gratuitamente durante un tempo acordado para uso público de acordo co establecido nos seguintes correlativos.*
- 2. Que o Concello, en contraprestación da cesión das fincas particulares que terán a consideración de utilidade pública, adecuará estas fincas para o seu uso como aparcamentos públicos gratuítos e se encargará do seu mantemento durante o tempo que sexa conveniado coa persoa propietaria.*
- 3. Que, durante o tempo que permaneza vixente o convenio de cesión das fincas particulares, as persoas propietarias estarán exentas do pago das taxas municipais.*
- 4. Que o Concello devolverá as fincas ao seu propietario/a ao rematar o tempo conveniado no mesmo estado no que as recibe no momento da súa cesión.”*

Remata a súa lectura indicando que é un plan alternativo no caso de que poidese levarse a cabo.

O Sr Alcalde toma a palabra indicando que incoamos os procedementos legais previstos. Creo que é a solución porque necesitamos un aparcamento. Cada persoa propietaria pode propoñer e parece que podería funcionar ben. É un desembolso económico para o Concello. Tamén aproveito a ocasión para agradecer aos propietarios do solar cerca da piscina que permitiron ata o de agora o aparcamento de forma gratuita.

Sometida a urxencia da inclusión do asunto na orde do día resulta **desestimada ao obter once (10) votos en contra** de D. José Manuel López Varela (PP), D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dna. Patricia Bello Canedo (PP), Dna. Rocío López Rey (PP), D. Jesús Souto Pena (PP), D. Ramiro Bello Recouso (PP), D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP), Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP), Dna. Adelina Liste Monelos. (PP), D. Pablo Cambón Bértoa (PP), e seis a favor de Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE), Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE), Dna. María Pilar Neira Martínez.(PSOE) D. José Martínez Ageitos. (PSOE) de D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG) e Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG).

7.c] MOCION DO PSdeG-PSOE SOBRE A PLATAFORMA DE VENDA ONLINE



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Dna. Palomi Rodríguez Castiñeira (PSOE) dá lectura a moción presentada na cal se solicita que:

“Instar ao Goberno municipal a poñer en marcha, en coordinación con todo o sector, a creación dunha plataforma de venda online para facilitar a innovación e dixitalización e a interacción comercio-cliente a través da participación cidadán, co obxecto de dar un impulso ao tecido empresarial do noso municipio que axude a paliar os efectos da COVID-19.”

O Sr Alcalde sinala que acabamos de ver na liquidación do Presuposto que quedan cartos xustos. Hai axudas a autónomos, pequenas empresas, etc. 400.000 € déronse desde o Concello. Tamén se estudian axudas á hostelería, dentro das posibilidades. En canto á venda on-line é algo moi específico de cada sector e noutros sitios realizouse e non tivo moito éxito. En definitiva dependerá da capacidade económica que teñamos. Estase estudando.

Sometida a urxencia da inclusión do asunto na orde do día resulta **desestimada ao obter once (10) votos en contra** de D. José Manuel López Varela (PP), D. José Ramón Martínez Barbeito (PP), Dna. Patricia Bello Canedo (PP), Dna. Rocío López Rey (PP), D. Jesús Souto Pena (PP), D. Ramiro Bello Recouso (PP), D. Xosé Alberto Blanco Veiga. (PP), Dna. Cristina Vieites Calvo. (PP), Dna. Adelina Liste Monelos. (PP), D. Pablo Cambón Bértoa (PP), e seis a favor de Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras.(PSOE), Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro. (PSOE), Dna. María Pilar Neira Martínez.(PSOE) D. José Martínez Ageitos. (PSOE) de D. Xoán Manoel Sande Muñiz. (BNG) e Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG).

- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS

A) ROGO DO BNG: SERVIZO CITA PREVIA

D. Xoan Manoel Sande Muñiz, dá lectura ao seguinte:



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

As veciñas e os veciños do noso concello ou calquera persoa que ten que achegarse ás dependencias municipais para a realización de trámites administrativos atópase moitas veces con longas esperas, tendo que volver en varias ocasións, ao non poderen estar varias persoas xuntas en espera por mor das necesarias medidas sanitarias para evitar contaxios por coronavirus. Consideramos desde o Grupo Municipal do BNG que se deba habilitar un servizo de cita previa para a realización de trámites administrativos, para evitar esas longas esperas e tamén para facilitar o traballo do persoal do concello dun xeito máis organizado, e tamén máis seguro para todas e todos; un servizo que sexa de acceso sinxelo tanto por vía telefónica como a través da propia páxina web ou mesmo das redes sociais do concello.

Por todo isto **SOLICITAMOS:**

Que desde o goberno municipal se xestione a posta en funcionamento dun servizo de cita previa para poder realizar trámites administrativos, que teña un acceso sinxelo para toda a veciñanza tanto telefonicamente como na rede a través da páxina web do concello e mesmo accedendo a través das redes sociais da administración local.

Toma a palabra o sr. Alcalde indicando esto nace dunha queixa no Facebook non é certo o que se di. Cita previa xa se pode pedir. Hai que evitar aglomeracións. Agora hai unha persoa que filtra as persoas, hai xente que ven sen cita previa e trátase de atender igual. Temos no PEL Reactiva 2 PSX para facer o filtro da xente.

B) ROGO DO BNG: ESTRADA DO LUGAR DE REQUESENDE Á FERRULLEIRA

D. Xoan Manoel Sande Múñiz, presenta o seguinte:

Un camiño que se atopa na estrada que vai desde onde remata o lugar de Requesende (na estrada da Laracha á Xesta de Soutullo) cara a Ferrulleira (Coiro), xusto o primeiro camiño que hai á man esquerda nesa estrada, foi destruído completamente nos traballos de retirada de madeira por parte das empresas madeireiras, de xeito que as persoas que teñen que valerese dese camiño para acceder ás súas fincas teñen moitas dificultades ou directamente non poden acceder nin co tractor.

Por todo isto **SOLICITAMOS:**

Que desde o goberno municipal se adopten as medidas necesarias para reparar o camiño, obrigando as empresas ou incautándose da fianza depositada e abordando a reparación desde a propia administración local, sen prexuízo das sancións que poidan impórse ao abeiro da ordenanza municipal.



D. Xoan Manoel Sande Muñiz indica que xa lle deron resposta ao asunto e que puido comprobalo.

O sr. Alcalde dí que o tema da madeira é complicado. Hai que facer os traballos, pero con delicadeza.

C) ROGO DO PSOE: ESTRADA DO LUGAR DE REQUESENDE Á FERRULLEIRA

Dna. Palomi Rodriguez Castiñeira indica que xa se tivo resposta co rogo presentado polo BNG con respecto a este tema.

D) ROGO DO PSOE: PAVIMENTACIÓN BEIRARRÚA GADIS

Dna. Palomi Rodriguez Castiñeira dá lectura ao seguinte:

“Nestes días están a trasladar a este grupo municipal as queixas sobre o estado da beirarrúa, na rúa Manuel Murguía, xusto o tramo na entrada e saída ao aparcadoiro do supermercado Gadis.

É verdade que é unha zona de tránsito de coches (entrada e saída), pero tamén é ben certo que é zona de tránsito para persoas, co cal entendemos que sería unha actuación de mantemento importante a ter en conta.

Axuntamos fotos do estado da beirarrúa (fotos tomadas en xaneiro do 2021)

ROGO: *que por parte desta alcaldía que depende do Sr. José Manuel Varela acometa, de maneira urxente, a supresión das fochancas e os socavóns nese tramo.”*

O sr. Alcalde indica que ese trozo teno que reeparar os do Gadis co mesmo tipo de pavimento. Xa foi notificado.

PREGUNTAS DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE

Dna. Palomi Rodriguez Castiñeira indica que xa as da por contestadas.

REMATE DA SESIÓN.-

Non sendo outro o obxecto da sesión e non habendo máis asuntos a tratar, sendo as 14.21 horas do día xa expresado, o Sr. Presidente levanta a sesión estendéndose de todo isto a presente acta da que eu, Secretario, dou fé.

O Secretario,

O Sr. Alcalde-presidente,



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. N° 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es